

MESA SECTORIAL DO DÍA 21 DE MARZO DE 2019 (CONTINUACIÓN DA DO DÍA 12 DE MARZO)

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE DECRETOS POLO QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DE 3 NOVAS TITULACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL:

- Técnico en Redes e Estacións de Tratamento de Augas.
- Técnico superior en Ensinanzas e Animación Sociodeportiva.
- Técnico superior en Acondicionamento Físico.

Desde ANPE Galicia entendemos que non debemos de entrar en cuestións técnicas xa que consideramos que os currículos son elaborados por especialistas que son os que mellor coñecen a realidade dos ciclos a tratar. Polo tanto ningunha consideración en particular máis aló de incidir como facemos habitualmente na redución das rateos e desdobres en módulos prácticos.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROGRAMA PIALE ANO 2019.

Desde ANPE Galicia solicitamos a ampliación, na medida do posible, da oferta de prazas e da partida orzamentaria xa que é practicamente idéntica á do curso pasado. Solicitamos tamén a oferta de prazas para o profesorado que imparte italiano xa que, aínda que a incidencia do mesmo no sistema educativo galego é mínima si se imparte este idioma e o seu profesorado ten dereito a este tipo de formación. **A Administración non incluírá o italiano ao consideralo residual. Se no futuro a incidencia do italiano é maior non haberá problema en incluílo.**

No artigo 2 ANPE Galicia solicita que a fase A da modalidade 1 pase a ter unha duración de 50 horas. A fase C debe ter unha duración de 75 horas. Na modalidade 2 solicitamos que a duración dos cursos pase a 100 horas.

No artigo 5 consideramos que deben incluírse nos destinatarios da Orde ao profesorado interino establecendo, nese caso, algún tipo de prelación para os funcionarios de carreira. **A Administración considera que non ten cabida nesta orde.** Valoramos positivamente a redacción que se da este ano clarificando a posibilidade de participación do profesorado de Escolas de Idiomas e Formación Profesional pero solicitamos que a actividade de inmersión para profesorado que imparte ne Escolas de Idiomas se circunscriba exclusivamente ao profesorado do corpo de profesores de Escolas de Idiomas xa que o profesorado do corpo de profesorado de Ensino Secundario xa ten outras actividades específicas.

No artigo 15, en relación á composición da comisión de selección, desde ANPE Galicia consideramos que a súa composición debería ser máis técnica e conformada por especialistas. **A Administración considera que xa é así.**

En relación ao baremo facemos as seguintes propostas:

- ✓ No apartado 2.4 pasar a 2 puntos
- ✓ No apartado 2.5 pasar a 1 punto
- ✓ No caso de que se acepten as modificacións nos dous apartados anteriores estamos de acordo en deixar o apartado 2.6 nos 10 puntos. No caso de non ser aceptadas as modificacións propostas solicitamos que se incremente a puntuación no apartado 2.6 **A Administración considera que o baremo se foi perfilando ao longo dos anos e que está correcto.**

Para rematar incidir na queixa da certificación de idiomas por parte do CAFI xa que entendemos que as únicas entidades que deberían certificar son as Escolas Oficiais de Idiomas.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: REINTEGRO INDIVIDUAL DE GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE PROFESORADO NON UNIVERSITARIO PARA O ANO 2019.

No artigo 3.1 consideramos que deben incluírse máis tipos de temáticas de actividades de formación.

No artigo 3.2 demandamos un aumento da dotación orzamentaria prevista para este tipo de gastos e máis concretamente a soba de todas as contías e ter en conta o país ao que se acode a realizar a formación xa que o nivel de vida non é o mesmo en todos eles. Polo tanto debe revisarse á alza a contía sobre todo no ámbito europeo e extraeuropeo.

No artigo 6 ANPE demanda presenza sindical na comisión de valoración.

No artigo 7.5 ANPE Galicia demanda que se reduza o prazo establecido de resolución por silencio, xa que entendemos que 6 meses é un período moi amplo, máxime tendo en conta que o profesorado non pode ter outras axudas tal e como aparece recollido no artigo 2.4.

ANPE demanda novamente que se busque unha solución coa Axencia Tributaria para evitar o problema co IRPF con este tipo de axuda.

A Administración non modificará nada desta orde.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS POR FORMACIÓN CURSO 2019/20.

En primeiro lugar, como proposta xeral, desde ANPE Galicia consideramos que é o momento de regular as antigas licenzas por estudos que tanto nos está a demandar o profesorado (licenzas para rematar un grao, diplomatura, doutoramento, etc) e engadir en todo caso as licenzas sen retribución que son a custo cero para a Administración.

Na modalidade 5, no referente á posterior titoría dos cursos solicitamos que se estableza algún tipo de compensación (económica ou de méritos). **A Administración resposta que xa cobran por iso.**

ANPE Galicia considera que un mes de período mínimo de licenza é insuficiente e demandamos que a licenza de duración mínima sexa de polo menos 3 meses.

En relación ao artigo sexto, ANPE demanda que a comisión de selección estea formada por profesorado das distintas especialidades escollidos por sorteo público. **A Administración non atenderá esta demanda.**

Por último demandamos unha cobertura inmediata e máis áxil das substitucións do profesorado que vai a gozar dun licenza por formación. **A Administración resposta que se fai con toda a axilidade que persoal permite.**

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

Facemos fincapé nos rogos e preguntas relacionados coa Dirección Xeral presente na Mesa Sectorial de hoxe:

- Manifestamos a nosa queixa polo desenvolvemento do curso de igualdade para @s funcionari@s en prácticas en canto ás datas de celebración, problemas específicos con algún titor/a, etc. Tamén trasladar a queixa do cómputo das faltas de asistencia aos cursos de dirección que se están a incluír como imprevistos.

Sen máis temas que tratar, péchase a sesión sendo as 14:30 horas.